

uras

Con Amor Ruibal (†1930) surxe un proxecto de Teoloxía de raíces galegas con miras á inculturación. Recolleron esta preocupación discípulos seus. Insistiron na súa relevancia teólogos como X. M^a Delgado Varela e A. Torres Queiruga, Chao Rego, X. Miguelez e outros. Apoiaron coa súa presenza oral Xulio Lois, Marciano Vidal.

Na actualidade faixe aquí teoloxía de cátedra e divulgación. As obras de Queiruga: *A Revelación de Deus na realidade do home*, *Recupera-la creación*, etc. acreditan ao autor como teólogo de primeira magnitude na Igrexa. Chao con *Na fronteira do mistério* afon-da nas bases doutrinais do novo divulgador múltiple dos valores cristiáns.

Mais facer teoloxía ten variantes, complexidades. Unha, de singular atractivo, é a "mística". O místico é orante, intue, mergúllase na fondura da totalidade humana fronte á atracción fundante e última; ten experiencia singular dun Deus criante, presente, que inspira como Materno Espírito todo o bon do alento humano.

Por primeira vez no cristianismo da Galiza aparece unha "literatura mística" en galego. O diário de Moncho Valcarce, da súa derradeira enfermidade e tránsito, abriu o camiño. Signifícanse neste campo Manuel Regal, X. A. Miguelez e Victorino Pérez. Regal ten unha summa da oración con *Un caxato para o camiño*, 1998, *Chorimas*, *A partir de hoxe* e outras. A obra de Regal é fonda, poética, quente, dedbndante, de solidez teolóxica. Miguelez con *Temos carta de Deus* e con *Profecía dun capitán trono* verte inculturación.

Neste ambiente aparece o libro de Vitorino Pérez Prieto *Con Cordas de Tenrura*. Distribue en sete capítulos e un adro o seu reflectir. Coma os sete sacramentos. No adro trata de axudar o exercicio da oración, fai de "mis-

tagogo": "estas páxinas, a cabalo entre a espiritualidade e a reflexión teolóxica, queren ser coma unha humilde proposta que axude o "re-encontro con Deus". Recomenda un "caderno de vida" onde anotar o paso de Deus por cada vida, de acordo coa experiencia da Xoc e do fundador do Prado, Mn. Chevrier.

Neste ascenso á montaña o guieiro é Xesús Cristo: ser cristián é seguer os seus pasos, entender as "Benaventuranzas": ese pregón que invita a "estar cos pobres, vivir con eles e morrer con eles". Atreverse a máis: a compenetrarse con Xesucristo crucificado e resucitado. Cruz na vida; superar a morte coa resurrección: "a Igrexa está destinada a ser presenza e profecía do Resucitado no medio dos pobos ao longo da historia" (p. 130) Se dicimos "venceremos nós, algun día venceremos", non é por deixarnos para o futuro a liberación, queremos para hoxe ese "reino". O autor insiste abondo nesa dirección, extender o "reinado" de Deus; "si, veño axiña". ¡Amén! ¡Ven Señor Xesús! (Ap. 22, 200

As sete etapas de ascenso que Pérez Prieto acompaña neste itinerario, están iluminadas pola palabra bíblica, a dos teólogos actuais e a quentura poética e mística persoal e das súas afeccións literarias.

É aquí un agasallo para calquera que teña senso da beleza, inquedanzas, arelas. Un libro para adultos e mozos; un piago de auga fresca e transparente, sen resábido algun de vellos prexuízos inquisitoriais. Unhas páxinas limpas, aromáticas.

Teoloxía si, mais teoloxía mística: un agasallo deste cristianismo moderno, inculturado na Galiza; unha novidade despois de 500 anos de imposicións. Destes poetas místicos recibimos saíva diária ao orar co "Diurnal" galego. Nel hai unha himnoloxía de tal calidade que supera e moito aos parellos, v.g. ao castelán e ao latino, os dous moi desiguais.

Ben merecida unha aperta a estes escritores místicos da Galiza por darmos estes dons e dotar á literatura galega de graza, dese fulgor que tanto brilla en Th. Merton, A. de Mello ou P. Casaldáliga. ♦

FRANCISCO CARBALLO

Mística Galega, con cordas de tenrura

Título: Con cordas de Tenrura.

Autor: Victoriano Pérez Prieto.

Edita: Sept, Vigo.

Existe unha Teoloxía galega? Hai unha "Mística" galega? Son preguntas da rua; son interrogantes de quen inda non se atopou con tales realidades nos andeis das librerías.